

APARTADO I: PLAN DE ACCIÓN



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

CONTIDO

I Plan de acción	2
I.1 Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación	3
I.2 Proxectos e accións específicas con impacto significativo	13
I.3 Actuacións propias de animación a realizar polo grupo	16
I.4 Plan de formación do GDR	18
I.5 Plan de cooperación con outros GDR e entidades.	20
I.6 Planificación temporal	23



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

I Plan de acción

O Plan de acción é un documento mediante o que se pretende amosar como mediante diferentes liñas ou accións se pode ir avanzando na consecución dos obxectivos propostos, contribuíndo a darlle un carácter realista aos obxectivos e dotado de verosimilitude a Estratexia.

Dentro do plan de acción se analizarán os seguintes apartados:

- 1) Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación: estas liñas están vinculadas cos obxectivos xerais e específicos que aparecen reflexados nesta estratexia o que indica a coherencia da mesma interrelación existente entre as accións.
- 2) Proxectos e accións específicas con impacto significativo: aquí aparecen reflexadas novas intervencións que contribúen ao desenvolvemento local e que teñen un impacto significativo nos obxectivos e nas liñas estratéxicas definidas.
- 3) Actuacións propias de animación: trátase de accións encamiñadas a dinamizar o territorio e que favorecen a súa posta en valor.
- 4) Plan de formación: en función da diagnose laboral do territorio detectáronse as necesidades de formación existentes na actualidade, definindo a partires de aí as actividades formativas a levar a cabo ao longo do período, aínda que somos conscientes de que nos teremos que adaptar en función da evolución do mercado laboral.
- 5) Plan de cooperación con outros GDR e entidades: defínense as actividades a realizar aproveitando as sinerxias entre os GDRs e a cooperación entre eles e outras entidades.
- 6) Planificación temporal: faise unha previsión cronolóxica das accións que se van a levar a cabo no período 2023-2027.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

I.1 Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación

A continuación aparecen desglosadas por cada obxectivo específico as distintas liñas estratéxicas e as medidas ou propostas de actuación que implican cada unha delas.

OE.1. Reforzar a gobernanza do GDR para o desenvolvemento da EDLP.

Descrición: oriéntase a situar ao GDR Seitura 22 como unha referencia no territorio, promovendo a implicación dos diferentes axentes sectoriais no desenvolvemento da EDLP.

	Liña estratéxica	Descrición	Medidas ou propostas de actuación
LE1	Constituír un marco de diálogo e coordinación de cara ao desenvolvemento da EDLP.	<p>Reforzar a implicación das entidades socias no desenvolvemento e seguimento da EDLP.</p> <p>Vincular ás mesas sectoriais no marco da EDLP.</p> <p>Dotar á EDLP de puntos de encontro entre axentes socios e non socios que faciliten o seu mellor desenvolvemento.</p> <p>Situar as perspectivas ambiental, de igualdade de xénero e de diversidade funcional como eixes transversais da EDLP.</p> <p>Intercambio de experiencias no marco da Asociación de GDRs</p>	<p>M.1.1. Activación mesas sectoriais.</p> <p>M.1.2. Constitución de grupos de traballo ad oc.</p> <p>M.1.3. Participar nos grupos focais constituídos no seo da Asociación GDRs Galicia.</p>
LE2	Reforzar a visibilidade do GDR no territorio.	<p>Habilitar un espazo de presentación e seguimento aberto da EDLP e do seu desenvolvemento.</p> <p>Promover o emprendemento así como proxectos que podan ser financiados no marco da EDLP e os fondos Leader.</p> <p>Difundir unha visión actualizada da actividade do GDR entre os socios e outros axentes, promovendo a súa implicación sostida no seu desenvolvemento.</p>	<p>M.2.1. Actividades de difusión e de dinamización da presenza do GDR no espazo web e nas RRSS.</p> <p>M.2.2. Realización de actividades de cara á promover iniciativas financiadas que contribúan á implementación da EDLP.</p> <p>M.2.3. Actividades de cooperación e colaboración con outras entidades do territorio.</p>

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

OE.2. Atención ás necesidades sociais nun marco de equidade territorial.

Descrición: oriéntase a promover a presenza de elementos que sustenten a calidade de vida da poboación. Como elemento central sitúase o apoio á dotación e distribución equitativa de equipamentos e servizos que atendan a perfís prioritarios; persoas discapacitadas, maiores, mocidade e muller, así como, nun plano máis xeral, que faciliten a conciliación da vida laboral, familiar e persoal da poboación. Incorpora tamén o apoio á iniciativas que favorezan o arraigo poboacional a través do emprego.

	Liña estratéxica	Descrición	Medidas ou propostas de actuación
LE3	Apoio á dotación de equipamentos e servizos que reforcen a atención ás necesidades sociosanitarias e promovan a calidade de vida da poboación.	<p>Considérase o posible financiamento da rehabilitación e construción de equipamentos sociais, velando pola incorporación de criterios de accesibilidade; Centros de Día, escolas infantís, locais sociocomunitarios, etc.</p> <p>Se incorpora, como novidade, o apoio á constitución de comunidades enerxéticas no territorio. Xa que os fogares rurais galegos enfróntanse a un gasto de enerxía (vivenda e transporte) un 48% superior aos fogares urbanos e unha factura eléctrica, de media, un 25% máis elevada.</p>	<p>M.3.1 Apoio á dotación de equipamentos e servizos que reforcen a atención ás necesidades sociosanitarias e promovan a calidade de vida da poboación.</p> <p>M.3.2. Apoio á constitución de comunidades enerxéticas locais mellorando a eficiencia enerxética.</p> <p>M.3.3 Apoio e promoción de iniciativas que contribúan ao emprego no territorio.</p>
LE4	Promoción dun entorno poboacional sensibilizado e implicado na perspectiva da igualdade de xénero.	<p>Incorpora a posibilidade de apoiar ás iniciativas que traballan no territorio nesta liña; infraestruturas, actividades de dinamización sociocomunitaria e de formación.</p> <p>Visualiza, tamén, o compromiso do GDR Seitura 22 por incorporar esta perspectiva na súa composición e funcionamento.</p>	<p>M.4.1. Apoio á realización de actividades orientadas á promover a perspectiva da igualdade de xénero.</p> <p>M.4.2. Introducir criterios que atendan á perspectiva de xénero na baremación dos proxectos financiados desde o GDR.</p> <p>M.4.3. Procurar a paridade na representación das entidades socias no organigrama do GDR Seitura 22.</p> <p>M.4.4. Incorporar a perspectiva de xénero como un</p>

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

	Liña estratéxica	Descrición	Medidas ou propostas de actuación
			elemento transversal a calquera acción ou iniciativa do GDR.
LE5	Fomento dun entorno social sensibilizado coa perspectiva do respecto á diversidade.	<p>Incorpora a posibilidade de financiar ás iniciativas que traballan no territorio nesta liña; infraestruturas, actividades de dinamización sociocomunitaria e de formación.</p> <p>Visualiza, tamén, o compromiso do GDR Seitura 22 por incorporar esta perspectiva na súa composición e funcionamento.</p>	M.5.1. Apoio a accións orientadas a promover a atención e o respecto á discapacidade.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

OE.3. Fomentar o emprendemento e prácticas económicas sostibles favorecendo a creación de emprego e a cohesión do territorio.

Descrición: identificar e promover proxectos emprendedores e de modernización dos distintos sectores económicos que promovan prácticas sostibles e repercutan positivamente no asentamento de actividades económicas no territorio e sirvan de polo de atracción e permanencia de poboación.

	Liña estratéxica	Descrición	Medidas ou propostas de actuación
LE6	Apoio á xeración de iniciativas emprendemento.	<p>Con esta liña preténdese identificar proxectos emprendedores e fomentar a colaboración por medio do traballo en rede entre os diferentes axentes involucrados.</p> <p>Complementariamente, realización de actividades de formación e sensibilización dirixidas a persoas emprendedoras.</p>	<p>M.6.1. Realización de actividades orientadas á identificación e captación de potenciais emprendedores e emprendedoras. Aproveitando a coordinación coa oferta de servizos existentes no territorio para o acompañamento a proxectos.</p> <p>M.6.2. Desenvolvemento de actividades formativas para persoas emprendedoras. Fomentando a colaboración e a transferencia de coñecementos.</p> <p>M.6.3. Apoio a iniciativas que fomenten o asentamento e consolidación dos distintos sectores económicos no territorio.</p> <p>M.6.4. Reforzo das actividades dos emprendedores mediante o Bono Activa Rural.</p>
LE7	Promover prácticas máis sostibles na actividade das PEMES.	<p>En consonancia coas directrices marcadas polo Pacto Verde Europeo aténdese á apoiar a incorporación de sistemas e equipamentos que faciliten unha xestión máis eficiente da actividade das PEMES, prestando especial atención á redución da súa pegada ecolóxica, á promoción da eficiencia enerxética ou facilitar prácticas de economía circular.</p>	<p>M.7.1. Apoio aos proxectos que impliquen unha redución da pegada ecolóxica como a mellora da eficiencia enerxética, produción de enerxía limpa, economía circular....</p>

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

LE8	<p>Apoio á dotación de infraestruturas, equipamentos e servizos turísticos.</p>	<p>Dende os fondos LEADER apoiase a recuperación e posta en valor de elementos do patrimonio arquitectónico, cultural e ambiental que poden ser referencia para a actividade do sector turístico no territorio, xunto coas actividades complementarias á oferta turística.</p>	<p>M.8.1. Apoio á recuperación de elementos do patrimonio cultural, ambiental e arquitectónico (edificios singulares) de referencia para a oferta turística do territorio.</p> <p>M.8.2. Habilitación de rutas de sendeirismo e outros que melloren a mobilidade.</p> <p>M.8.3. Respaldo a introdución de prácticas que melloren a sostibilidade do sector.</p>
-----	--	--	---



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

OE.4. Apoiar a transición cara a un sistema agroalimentario territorializado, competitivo, sostible, diversificado e resiliente.

Descrición: recolle o enfoque da EDLP do GDR Seitura 22 por iniciar no territorio unha senda de produción alimentaria territorializada, a través da súa asociación cunha proposta de valor vinculada á produción de calidade e a valores de sostibilidade.

	Liña estratéxica	Descrición	Medidas ou propostas de actuación
LE9	Fomento da produción agroalimentaria.	<p>Continuidade do Proxecto de Cooperación “Nó Rural”, para a recuperación de terras e dinamización da actividade agraria no territorio. De acordo, entre outros documentos, coa estratexia de Biodiversidade 2030.</p> <p>Preténdese construír un marco de promoción e apoio ao emprendemento agrario, coidando o traballo cos perfís máis novos co protagonismo das mulleres no ámbito agrario.</p> <p>Apoiar a incorporación de equipamentos que faciliten unha xestión eficiente dos procesos produtivos nas explotacións, de cara a adaptación ao cambio climático e ao novo contexto dos fondos estruturais.</p>	<p>M.9.1. Facilitar o acceso á terra a través dos instrumentos la Lei de Recuperación de terra agraria.</p> <p>M.9.2. Fomento do relevo xeracional e apoio ao emprendemento agrario.</p> <p>M.9.3. Apoiar a adaptación do sector ás exigencias da planificación comunitaria.</p>
LE10	Reforzar a viabilidade da produción agroalimentaria a través da transformación.	<p>Apoio a iniciativas orientadas á transformación.</p>	<p>M.10.1. Apoio a proxectos con enfoque á diversificación da produción e á transformación, distribución e comercialización do produto agroalimentario local.</p> <p>M.10.2. Promoción de actividades formativas centradas na transformación, diversificación da produción, a súa distribución e comercialización.</p>
LE11	Favorecer o consumo de alimento de proximidade e sostibles no territorio.	<p>Promoción e difusión de mercados de abastos e non sedentarios ou especializados que se celebren no territorio, atendendo ao fortalecemento da rede existente, atendendo á promoción do produto local.</p> <p>De igual xeito, promoción da incorporación do produto alimentario local en comedores colectivos</p>	<p>M.11.1. Apoio á promoción e difusión de mercados na área de influencia.</p> <p>M.11.2 Apoio a iniciativas que promovan a compra e comercialización conxunta como o consumo en comedores colectivos.</p> <p>M.11.3. Favorecer iniciativas de sensibilización, formación e promoción para reforzar a presenza do</p>

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

	Liña estratéxica	Descrición	Medidas ou propostas de actuación
		<p>do territorio, como é o caso dos centros escolares, e na oferta turística e gastronómica do territorio así como no pequeno comercio. Favorecendo o acceso a alimentos de proximidade, nutritivos e sostibles promovendo así unha dieta máis saudable.</p> <p>Doutra banda, impulsar cadeas de comercialización curtas sen intermediarios que promovan o vínculo entre produtores e consumidores, apoiando as iniciativas de comercialización agrupada de produtores e produtoras.</p>	<p>produto local na hostalaría e o pequeno comercio.</p> <p>M.11.4. Impulso á comercialización de produtos mediante a incorporación das TIC, atendendo a unha loxística de atención e reparto de proximidade.</p>
LE12	<p>Promover a vertebración e colaboración no tecido de produtores.</p>	<p>Realización de actividades que promovan prácticas colaborativas entre o tecido de produtores impulsando unha gobernanza alimentaria no territorio.</p> <p>Darémolle continuidade aos proxectos de cooperación nos que participamos como Ecocomedores e redes de cooperación como o proxecto TerraAlimenta da Fundación Carasso e outras. Participación e coordinación do grupo focal de alimentación no marco da Asociación de GDRs de Galicia.</p>	<p>M.12.1. Apoio á constitución e desenvolvemento de redes ou entidades que permitan a colaboración no acceso a servizos e coñecemento, así como unha resposta colectiva fronte a retos e dificultades compartidas promovendo, ao tempo, a I+D+i.</p> <p>M.12.2. Promover a conexión e cooperación con outros axentes e redes en tarefas de alimentación sostible.</p>

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

OE.5. Promover unha xestión eficiente do espazo forestal.

Descrición: o obxectivo consiste en mellorar a xestión forestal sustentable e eficiente promovendo iniciativas de xestión conxunta, diversificación da produción e reforzo dos servizos ecosistémicos.

	Liña estratéxica	Descrición	Medidas ou propostas de actuación
LE13	Favorecer unha xestión adecuada do monte.	<p>En consonancia coas orientacións e indicacións prácticas do PEPAC esta liña irá encamiñada a estimular o aproveitamento sostible e multifuncional dos montes e fomentar a interlocución entre produtores para unha xestión compartida.</p> <p>Do mesmo xeito, o esforzo vai encamiñado ao fomento da economía circular na liña de Pacto verde europeo, mediante a reutilización de subprodutos forestais.</p> <p>Aproveitar a potencialidade dos montes do territorio, como A Capelada ou o Monte Forgoselo entre outros para poñer en valor producións complementarias.</p>	<p>M.13.1. Apoio á realización de prácticas eficientes na xestión do monte.</p> <p>M.13.2. Apoio á creación de iniciativas de xestión conxunta entre produtores.</p> <p>M.13.3. Mellora da xestión de subprodutos no marco das novas medidas de sostibilidade enerxética.</p> <p>M.13.4. Incentivar a valorización de producións complementarias; micoloxía, pequenos froitos, etc.</p>
LE14	Promoción dunha xestión sostible do espazo forestal que atenda á preservación da biodiversidade, e ao coidado da paisaxe e o seu aproveitamento multifuncional	<p>Apoiar as actuacións que desenvolvan as funcións sociais e ambientais dos nosos montes, que redunden na conservación ambiental e o mantemento e recuperación da biodiversidade natural, segundo se desprende do Plan Forestal de Galicia e da Estratexia Forestal 2030.</p> <p>Así como, a lograr unha mellor xestión de cara a cuantificar a capacidade de sumidoiro de CO2 do sistema forestal.</p>	<p>M.14.1. Apoio á realización de prácticas orientadas á recuperación e conservación do espazo na explotación dos monte e á protección da biodiversidade.</p> <p>M.14.2. Respaldo á función social de monte.</p> <p>M.14.3. Incentivar as externalidades positivas da xestión forestal a través do reforzo dos servizos ecosistémicos; nomeadamente auga e fixación de CO2.</p>

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

OE.6 Fomentar un entorno sostible e integrador.

Descrición: impulsar un territorio sensibilizado cos valores de sostibilidade ambiental, coa conectividade do patrimonio natural e cultural e co mantemento da biodiversidade, tratando con isto de mellorar a capacidade de adaptación ao cambio climático e á transición de cara a unha sociedade que diminúa as emisións.

	Liña estratéxica	Descrición	Medidas ou propostas de actuación
LE15	Fomento dun territorio concienciado e sensibilizado cos valores da sostibilidade ambiental.	<p>Apoio e promoción de iniciativas dirixidas a fomentar a toma de conciencia e implicación da poboación na preservación dos valores ambientais do territorio e na perspectiva da sostibilidade.</p> <p>Nesta liña, na estratexia préstase especial atención a difundir o coñecemento da Rede Natura e da súa presenza no territorio, de xeito que se promova a implicación da poboación na elaboración, difusión e posta en marcha dos dos instrumentos de planificación que contemplan, así como na conservación dos hábitats prioritarios. Todo esto enmarcado na Estratexia sobre Biodiversidade 2030</p>	<p>M.15.1. Apoio ao desenvolvemento de xornadas, obradoiros e eventos de sensibilización e concienciación.</p> <p>M.15.2. Apoio á dotación de centros de interpretación ambiental e a iniciativas enfocadas á identificación e divulgación da problemática ambiental.</p>
LE16	Promover a recuperación e conservación de elementos crave do patrimonio natural e do mantemento da biodiversidade.	<p>Participar en actuacións ambientais que contribúan a revertir a situación de espazos deteriorados, eliminando impactos negativos sobre a paisaxe, limpeza e acondicionamento dos ríos, de espazos protexidos, eliminación de especies invasoras, etc.</p> <p>Seguindo as directrices do Pacto verde, respaldar accións que fomenten a biodiversidade e o coidado da paisaxe.</p>	<p>M.16.1. Apoio a iniciativas que se orienten á limpeza e rexeneración de espazos degradados como son: os leitos fluviais, eliminación de especies invasoras, etc.</p> <p>M.16.2. Apoio á realización de actuacións de custodia do territorio e de promoción de figuras de protección do espazo natural, que busquen a preservación da biodiversidade e o coidado da paisaxe.</p> <p>M.16.3. Apoio a iniciativas orientadas a conformar corredores que conecten espazos ambientais crave para o mantemento da biodiversidade.</p>

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

	Liña estratéxica	Descrición	Medidas ou propostas de actuación
LE17	Promoción de prácticas exemplarizantes dende as Institucións Municipais.	<p>As entidades locais xogan un papel fundamental de cara ao desenvolvemento de accións de mobilidade no ámbito rural, e na xestión eficiente da auga, así como na ecoloxización do seu ámbito de influencia.</p> <p>Todas estas medidas deberán ir en consonancia coa Estratexia Galega da Infraestrutura Verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas, algunha delas recollidas na Estratexia sobre Biodiversidade 2030.</p>	<p>M.17.1. Apoio a iniciativas de fomento da mobilidade no ámbito rural.</p> <p>M.17.2. Incentivar actuacións relacionadas coa mellora da eficiencia nas redes de abastecemento da auga.</p> <p>M.17.3 Apoio a iniciativas de ecoloxización de zonas urbanas e periurbanas.</p>
LE18	Fomentar a defensa contra o cambio climático	<p>Deste xeito, aténdese, dunha banda, á concienciación da poboación xeral, abordando temas como o coñecemento de espazos e a importancia da súa biodiversidade, así como o fomento de prácticas ambientalmente responsables, como a reciclaxe, a redución da pegada ecolóxica dos fogares, etc.</p> <p>Doutra banda, desprégase unha atención focalizada a sectores clave na actividade económica do territorio: agroalimentario, forestal, tecido industrial e de PEMES, Concellos, etc., abordando cuestións clave como a redución da súa pegada ecolóxica, a transición enerxética, a economía circular, etc.</p>	<p>M.18.1. Fomento de actuacións relacionadas coa loita contra o cambio climático, fomento da economía circular e da eficiencia enerxética.</p> <p>M.18.2. Promover un sector económico que se implique en levar a cabo accións que mitiguen o cambio climático e repercutan nunha mellora da calidade medioambiental.</p>

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

I.2 Proxectos e accións específicas con impacto significativo

A continuación inclúese unha táboa que identifica os proxectos e outras accións con impacto significativo nos obxectivos recollidos no apartado H e nas liñas estratéxicas deste mesmo apartado.

Táboa 1. Proxectos e accións específicas con impacto significativo

	Proxecto/Acción específica	Obxectivo xeral/específico ao que responde	Liña estratéxica na que se enmarca	Tipo de proxecto ou acción (*)	Productivo/Non productivo	Descrición
P1	Apoio á dotación de equipamentos e servizos que reforcen a atención ás necesidades socio-sanitarias e promovan a calidade de vida da poboación.(M.3.1)	Promover un territorio dinámico, con calidade de vida e capacidade para arraigar e atraer poboación./Atención ás necesidades sociais nun marco de equidade territorial.	Apoio á dotación de equipamentos e servizos que reforcen a atención ás necesidades socio-sanitarias e promovan a calidade de vida da poboación	Proxecto a financiar	Productivo/Non productivo	Considérase o posible financiamento da rehabilitación e construción de equipamentos sociais, velando pola incorporación de criterios de accesibilidade; Centros de Día, escolas infantís, locais sociocomunitarios, etc.
P2	Apoio á constitución de comunidades enerxéticas locais mellorando a eficiencia enerxética.(M.3.2)	Promover un territorio dinámico, con calidade de vida e capacidade para arraigar e	Apoio á dotación de equipamentos e servizos que reforcen a atención	Proxecto a financiar	Non productivo	Se incorpora, como novidade, o apoio á constitución de comunidades enerxéticas no

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

		atraer poboación./Atención ás necesidades sociais nun marco de equidade territorial.	ás necesidades sociosanitarias e promovan a calidade de vida da poboación.			territorio. Xa que os fogares rurais galegos enfróntanse a un gasto de enerxía (vivenda e transporte) un 48% superior aos fogares urbanos e unha factura eléctrica, de media, un 25% máis elevada.
P3	Apoio a accións orientadas a promover a atención e o respecto á discapacidade. (M.5.1)	Promover un territorio dinámico, con calidade de vida e capacidade para arraigar e atraer poboación./ Atención ás necesidades sociais nun marco de equidade territorial.	Fomento dun entorno social sensibilizado coa perspectiva do respecto á diversidade.	Proxecto a financiar	Non produtivo	Incorpora a posibilidade de financiar ás iniciativas que traballan no territorio nesta liña; infraestruturas, actividades de dinamización sociocomunitaria e de formación. Visualiza, tamén, o compromiso do GDR Seitura 22 por incorporar esta perspectiva na súa composición e funcionamento.
P4	Apoio a proxectos con enfoque á diversificación da produción e á transformación, distribución e comercialización do produtos agroalimentario local. (M.10.1)	Situar ao territorio como un referente de produción agroalimentaria e forestal de calidade e con valores de sostibilidade./Apoiar a transición cara a	Reforzar a viabilidade da produción agroalimentaria a través da transformación.	Proxecto a financiar.	Produtivo	Apoio a iniciativas orientadas á transformación

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

		un sistema agroalimentario territorializado, competitivo, sostible, diversificado e resiliente				
P5	Apoio á dotación de centros de interpretación ambiental e a iniciativas enfocadas á identificación e divulgación da problemática ambiental. (M.15.2)	Posicionar ao territorio como un espazo que contribúe á loita contra o cambio climático desde os seus valores e prácticas socioambientais./Fomentar un entorno sostible e integrador.	Fomento dun territorio concienciado e sensibilizado cos valores da sostibilidade ambiental.	Proxecto a finalizar	Non produtivo	Apoio e promoción de iniciativas dirixidas a fomentar a toma de conciencia e implicación da poboación na preservación dos valores ambientais do territorio e na perspectiva da sostibilidade.
P6	Fomento de actuacións relacionadas coa loita contra o cambio climático, fomento da economía circular e da eficiencia enerxética. (M.18.1)	Posicionar ao territorio como un espazo que contribúe á loita contra o cambio climático desde os seus valores e prácticas socioambientais./Fomentar un entorno sostible e integrador.	Fomentar a defensa contra o cambio climático.	Proxecto a financiar	Non produtivo	Deste xeito, aténdese, dunha banda, á concienciación da poboación xeral, abordando temas como o coñecemento de espazos e a importancia da súa biodiversidade, así como o fomento de prácticas ambientalmente responsables, como a reciclaxe, a redución da pegada ecolóxica dos

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

						fogares, etc.
--	--	--	--	--	--	---------------

(* Proxecto a financiar (P); Actuación de animación propia (A); Actividade formativa (F); Actividade de cooperación (C); Outras accións específicas (O)

I.3 Actuacións propias de animación a realizar polo grupo

A continuación inclúese unha táboa que identifica os proxectos e outras accións con impacto significativo nos obxectivos recollidos no apartado H e nas liñas estratéxicas deste mesmo apartado.

Táboa 2. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo

	Actuación	Contido das actividades previstas (destinatarios, recursos utilizados, formatos e canles,...)
A1	Xornadas de difusión das convocatorias de Axuda Leader. (M.2.2)	Destinatarios: concellos, asociacións, explotacións agroalimentarias e forestais e potenciais emprendedores e emprendedoras. Recursos empregados: recursos do GDR24. Formatos e canles: xornadas municipais, sectoriais ou específicas por temáticas (ambientais, biodiversidade, enerxía,...), material divulgativo, web, RRSS, etc.
A2	Xornadas informativas sobre comunidades enerxéticas. (M.3.2)	Destinatarios: concellos, asociacións, explotacións agroalimentarias e forestais, potenciais emprendedores e emprendedoras e público en xeral. Recursos empregados: recursos do GDR24, asistencia técnica ás entidades interesadas. Formatos e canles: xornadas, material divulgativo, web, RRSS, etc.
A3	Xornadas de promoción da igualdade. (M.4.1)	Destinatarios: concellos, asociacións e público en xeral.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

		<p>Recursos empregados: recursos do GDR24, asistencias técnica e colaboración de casos de éxito.</p> <p>Formatos e canles: charlas abertas, material divulgativo, web, RRSS, etc.</p>
A4	Promoción da redución da pegada ecolóxica. (M.7.1)/ Iniciativas de prácticas que melloren o sostibilidade do sector turístico. (M.8.3)	<p>Destinatarios: concellos, asociacións, hostalaría, turismo, actividades complementarias e público en xeral.</p> <p>Recursos empregados: recursos do GDR24, colaboración con axentes sectoriais e asistencias técnicas ás entidades interesadas.</p> <p>Formatos e canles: xornadas técnicas, documentación xerada,...</p>
A5	Favorecer o consumo de alimento de proximidade e sostibles no territorio. (M.11.1, M.11.2, M.11.3, M.11.4)	<p>Destinatarios: sectores crave, comercio, hostalaría, turismo e público en xeral.</p> <p>Recursos empregados: recursos do GDR24 seitura22, colaboración con outras entidades e asistencias técnicas ás entidades interesadas.</p> <p>Formatos e canles: xornadas técnicas, documentación xerada,...</p>
A6	Xornadas, obradoiros e eventos de sensibilización e concienciación ambiental. (M.15.1)	<p>Destinatarios: concellos, asociacións, empresas, explotacións, centros educativos e público en xeral.</p> <p>Recursos empregados: recursos do GDR24 seitura22, colaboración con outras entidades e asistencias técnicas.</p> <p>Formatos e canles: charlas abertas, material divulgativo, realización ou cooperación na realización de campañas, web, RRSS, etc.</p>
A7	Apoio a iniciativas que se orienten á limpeza e rexeneración de espazos degradados. (M.16.1)	<p>Destinatarios: concellos, asociacións, entidades ambientais, empresas e público en xeral.</p> <p>Recursos empregados: recursos do GDR24 seitura22, colaboración con entidades ambientais e asistencias técnicas.</p>

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

		Formatos e canles: accións directas de limpeza e rexeneración, material divulgativo, web, RRSS, etc.
--	--	--

I.4 Plan de formación do GDR

A continuación aparecen recollido o plan de formación coa planificación dos cursos demandados polo mercado laboral no intre de realizar a diagnose e o proceso participativo, podendo verse modificado ao longo do período 2023-2027 en función da evolución do mercado laboral e das demandas existentes.

I.4.1 Diagnose do mercado laboral do territorio e relación coa estratexia do GDR.

Desde o discurso participativo as referencias ao impacto do desemprego son contidas, e se asocian, polo xeral, á súa análise desde a perspectiva de xénero ou desde a da perda de poboación nova.

Neste sentido, a análise técnica ven a debuxar un escenario que nos facilita a toma de perspectiva.

Así, a existencia no territorio de sectores que actúan como “tractores” marca de xeito importante o funcionamento do mercado laboral, que rexistra unha tendencia á mellora nos últimos anos; que afecta de xeito desigual aos diferentes concellos, e se enmarca na tendencia ao envellecemento poboacional e á perda de poboación activa.

Os niveis de ocupación melloran en case todos os ámbitos; pero desde a análise participativa se incide en que continúan existindo dificultades para poder contar con persoal cualificado e con perfís axeitados ás actuais necesidades do territorio.

En calquera caso, a análise cuantitativa refenda a percepción cualitativa da maior incidencia do paro no colectivo feminino; que falaba, do mesmo xeito, da súa asociación cunha maior temporalidade e cun menor nivel de retribución. O dato do paro xuvenil debe contextualizarse coa importancia que daba o discurso participativo á perda de efectivos do territorio ao respecto deste perfil demográfico.

Esta diagnose do mercado laboral queda reflexada na estratexia do GDR coa transversalidade que se lle da ao colectivo de mulleres e á igualdade de cara a mellorar a súa situación no mercado laboral e á fixación ou atracción de poboación de cara a poñer en valor o territorio.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

A formación no sector primario ven do diagnóstico e plan de participación sendo unha demanda expresada polos produtores debido á falta de valor da produción agraria. Compre recordar que a formación en Leader é exclusivamente para ocupados, neste caso os destinatarios serían activos no sector primario.

I.4.2 Plan de formación.

Táboa 3. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo

Actividade formativa	Xustificación	Formato	Duración	Requisitos do alumnado	Requisitos persoal formador
Sector: Outros sectores económicos					
F1 Curso para emprendedores, orientado a fomentar a colaboración e a transferencia de coñecementos. (M.6.2)	Ante os retos e as incertidumes do cambio ambiental, demográfico, sector económico os emprendedores precisan dar resposta as novas esixencias e oportunidades do mercado.	Presencial	15 h.	Persoas emprendedoras.	Experiencia profesional no ámbito de asesoramento para o emprendemento e emprendedores de éxito.
Sector: Agroalimentario					
F2 Accións formativas centradas na transformación, diversificación da produción, a súa distribución e comercialización.	Esta formación ten o obxectivo de poñer en valor a produción agraria e fixar poboación xa que preténdese reforzar a viabilidade da produción	Presencial	60 h.	Persoas produtoras ou emprendedoras	Experiencia profesional e coñecementos técnicos neste ámbito formativo.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

(M.10.2)	agroalimentaria e, deste xeito, crear emprego de calidade.				
----------	--	--	--	--	--

I.5 Plan de cooperación con outros GDR e entidades.

A cooperación con outros GDR e entidades xoga un papel moi destacable dentro da EDLP, xa que nos permite intercambiar experiencias e aproveitamos sinerxias detectadas por outros GDR ou outros territorios que poderán aplicarse á nosa área de influencia.

Táboa 4. Plan de cooperación

Actividade de co-operación	GDR ou entidades	Obxectivos da cooperación	Forma de colaboración	Accións concretas
C1. Nó Rural	GDR02/GDR10/GDR14/ GDR23/	Implimentación dos instrumentos da Lei de Recuperación de Terras Agrarias.	Proxecto de cooperación	- Crear e aplicar os instrumentos (polígonos, aldeas modelo,...)
C2. Recuperación de terra agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio	GDR02/GDR03/GDR04/ GDR05/GDR08/GDR09/ GDR10/GDR12/GDR13/ GDR15/GDR16/GDR17/ GDR19/GDR21/GDR23/	Os grupos focais xurden como unha oportunidade de cara a atender e tentar resolver problemas territoriais detectados máis alá das competencias do LEADER, axudando a consolidar aos GDR como axentes relevantes nos territorios.	Outras formas de cooperación en función do que se determine no propio Grupo focal.	- Articular proxectos que teñan impacto nos territorios, xerando emprego e riqueza económica, ambiental e social.
C3. Revolta Rural	GDR01/GDR03/	Iniciativa adicada a impulsar o emprendemento rural e a creación de emprego, co obxectivo de deter a	Traballo en rede	- Seminarios formativos en diferentes áreas de xestión e comercialización.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

		crecente despoboación dos núcleos rurais.		<ul style="list-style-type: none"> - Apoio económico para 12 proxectos seleccionados. - Mentorización durante 6 meses.
C4. Ecocomedores	GDR01/GDR02/GDR03/ GDR04/GDR05/GDR10/ GDR13/GDR14/GDR20/ GDR 23/	Impulsar dende os GDR a incorporación de centros educativos a unha nova “rede”, que se chamará Rede Eco-Comedores, coa finalidade de que inclúan nos seus menús produtos locais, de tempada e ecolóxicos.	Proxecto de cooperación	<ul style="list-style-type: none"> - Asesoramento nutricional aos centros. - Seminarios de formación a persoal de cociña. - Seminarios de formación para as familias e/ou alumnado. - Xornadas de menús de produtos locais. - Información e comunicación.
C5. Produtos agroalimentarios. Potenciación do sector agropecuario.	GDR1/GDR3/GDR05/ GDR08/GDR11/GDR13/ GDR15/GDR16/GDR17/ GDR19/GDR21/GDR22/ GDR23/	Os grupos focais xurden como unha oportunidade de cara a atender e tentar resolver problemas territoriais detectados máis alá das competencias do LEADER, axudando a consolidar aos GDR como axentes relevantes nos territorios.	Outras formas de cooperación en función do que se determine no propio Grupo focal.	<ul style="list-style-type: none"> - Articular proxectos que teñan impacto nos territorios, xerando emprego e riqueza económica, ambiental e social.
C6. Conectando a biodiversidade	GDR 23	Apoio a iniciativas que se orienten á limpeza e rexeneración de espazos degradados como son: os leitos fluviais, eliminación de especies invasoras.	Proxecto de cooperación	<ul style="list-style-type: none"> - Apoio a iniciativas de ecoloxización de zonas urbanas e periurbanas.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

		Apoio a iniciativas orientadas a conformar corredores que conecten espazos ambientais crave para o mantemento da biodiversidade		
C7. Son de monte	GDR03/GDR10/GDR13/ GDR14/GDR23/	Creación dunha “Rede” de traballo entre os diferentes axentes do territorio para contribuír de xeito activo á valorización do monte. Rede que nos permita ter un espazo de debate e de deseño das liñas xerais que debe seguir a valorización do monte, debullar como debe ser a relación das persoas propietarias e da veciñanza co monte e, ademais, crear o primeiro material de divulgación para os donos e donas das pequenas propiedades forestais.	Proxecto de cooperación	<ul style="list-style-type: none"> - Incentivar as externalidades positivas da xestión forestal a través do reforzo dos servizos ecosistémicos: nomeadamente auga e fixación de CO2.
C8. Auga e enerxía. Cambio climático e innovación ambiental	GDR02/GDR03/DGR10/ GDR13/GDR15/GDR16/ GDR19/GDR20	Os grupos focais xurden como unha oportunidade de cara a atender e tentar resolver problemas territoriais detectados máis alá das competencias do LEADER, axudando a consolidar aos GDR como axentes relevantes nos territorios.	Outras formas de cooperación en función do que se determine no propio Grupo focal.	<ul style="list-style-type: none"> - Incentivas actuacións relacionadas coa mellora da eficiencia nas redes de abastecemento da auga. - Fomento de actuacións relacionadas coa loita contra o cambio climático, fomento da economía circular e da eficiencia enerxética.

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

I.6 Planificación temporal.

Trátase dunha planificación temporal preliminar, por semestres, para a execución dos proxectos e accións recollidos nos anteriores apartados (I.2 e I.5) e que pode sufrir algunha modificación ao longo do período de referencia.

Táboa 5. Planificación temporal dos proxectos e actividades

Anualidades					
Proxectos/ actividades	2023	2024	2025	2026	2027
Proxectos e accións específicas con impacto significativo					
P1. Apoio á dotación de equipamentos e servizos que reforcen a atención ás necesidades sociosanitarias e promovan a calidade de vida da poboación.(M.3.1)					
P2. Apoio á constitución de comunidades					

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

enerxéticas locais mellorando a eficiencia enerxética. (M.3.2)					
P3. Apoio a accións orientadas a promover a atención e o respecto á discapacidade. (M.5.1)					
P4. Apoio a proxectos con enfoque á diversificación da produción e á transformación, distribución e comercialización do produtos agroalimentario local. (M.10.1)					
P5. Apoio á dotación de centros de interpretación ambiental e a iniciativas enfocadas á identificación e divulgación da problemática ambiental. (M.15.2)					
Fomento de actuacións relacionadas coa loita contra o cambio climático, fomento da economía circular e					

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

da eficiencia enerxética. (M.18.1)					
Actuacións propias de animación					
A1. Xornadas de difusión das convocatorias de Axuda Leader. (M.2.2)					
A2. Xornadas informativas sobre comunidades enerxéticas. (M.3.2)					
A3. Xornadas de promoción da igualdade. (M.4.1)					
A4. Promoción da redución da pegada ecolóxica. (M.7.1)/ Iniciativas de prácticas que melloren o sostibilidade do sector turístico. (M.8.3)					
A5. Favorecer o consumo de alimento de proximidade e sostibles no territorio. (M.11.1, M.11.2, M.11.3, M.11.4)					
A6. Xornadas, obradoiros e eventos de					



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

sensibilización e concienciación ambiental. (M.15.1)					
A7 Apoio a iniciativas que se orienten á limpeza e rexeneración de espazos degradados. (M.16.1)					
Actividades formativas					
F1. Curso para emprendedores, orientado a fomentar a colaboración e a transferencia de coñecementos. (M.6.2)					
F2. Accións formativas centradas na transformación, diversificación da produción, a súa distribución e comercialización. (M.10.2)					
Actividades de cooperación					
C1. Nó Rural.					
C2. Recuperación de terra agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio.					

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

C3. Revolta Rural.					
C4. Ecocomedores.					
C5. Produtos agroalimentarios. Potenciación do sector agropecuario.					
C6. Conectando a biodiversidade.					
C7. Son de monte.					
C8. Auga e enerxía. Cambio climático e innovación ambiental.					